

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE BEGOÑA CAAMAÑO, A FIGURA HOMENAXEADA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

FEITOS

- 1 A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional convocaron un concurso para elaborar unha exposición sobre Begoña Caamaño, a escritora e xornalista homenaxeada no Día das Letras Galegas 2026.
- 2 O obxecto deste certame foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Begoña Caamaño e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomente o labor de investigación do alumnado sobre a obra e o período vital da homenaxeada.
- 3 Neste certame puideron participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- 4 A convocatoria estableceu dúas categorías:

Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.

Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A xestión da convocatoria realizouse conforme a resolución do 23 de setembro de 2025 da Secretaría Xeral da Lingua, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se aproban as bases e se convoca o concurso para elaborar a exposición sobre Begoña Caamaño, a figura homenaxeada o Día das Letras Galegas 2026.



Unha vez recibido o ditame da Comisión de Selección, que valorou os traballos presentados de acordo coa base 11 da convocatoria,

RESOLVO:

- 1 Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A a exposición ***Begoña Caamaño, un camiño de sementes***, elaborada polo CEIP Plurilingüe Ribadavia, de Ribadavia (Ourense), que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar gañador do concurso na categoría B a exposición ***De Circe a Morgana***, do IES Castelao, de Vigo, que recibirá o premio establecido na base 4.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

